

1. Introducción

Os grupos de perfeccionamento da Sociedad Gimnástica de Pontevedra teñen o obxectivo de continuar adestrando e practicando atletismo, sendo tamén a mellor opción si tes máis de 16 anos e queres iniciar os teus adestramentos. Neste grupo multidisciplinar cada un/unha poderá atopar a proba máis axeitada aos seus gustos e preferencias dentro das diferentes modalidades de carreiras, saltos e lanzamentos.

2. Lugar de adestramento

Os adestramentos lévanse a cabo na pista de atletismo do CGTD de Pontevedra, ademais facemos uso de espazos próximos ao aire libre como son a Illa das Esculturas ou as Marismas de Alba.

3. Horarios e días

A actividade lévase a cabo os luns, martes e xoves de 18:30 a 20:00 h.

4. Calendario

O luns 6 de setembro darán comezo os adestramentos, rematando o 30 de xuño.

5. Inscripcións e cotas

As inscricións realizaranse a través da APP Cluber na seguinte ligazón web:

<https://app.cluber.es/clubes/238c438fcb7b548f726628a36f0b8074395fb0b/inscripcion>

A cota é de 35€/mes. Os pagos realizaranse a través da APP Cluber, realizando os cargos na tarxeta de crédito rexistrada, o día 5 de cada mes.

6. Servizos

Aqueles/as atletas que formen parte dos grupos de perfeccionamento, poderán beneficiarse do seguinte:

- Plan de adestramento adaptado.
- Supervisión e atención dun adestrador cualificado.
- Uso do material específico de adestramento.

7. Outros

Para formar parte dos grupos de perfeccionamento é requisito obrigatorio contar coa licenza federada de atleta. O prezo da mesma está supeditado ao establecido pola Federación Galega de Atletismo. Polo que para coñecer a contía deberán preguntar ao club. Como orientación, indicar que os prezos encarecen canto maior é a idade do/da deportista.

Aqueles/as que teñan intención de competir, é obrigatorio contar coa equipación de competición. Esta poderase adquirir na web do club: www.sgpontevedra.com

8. Contacto.

Para máis información podes contactar no e-mail info@sgpontevedra.com ou consultar a nosa web: www.sgpontevedra.com